

A *problemática renacencia dos séculos XIX e XX* contiene una magnífica síntesis acerca de la realidad histórica y lingüística gallega.

En las primeras décadas del siglo XIX el paso de una sociedad eminentemente rural a la ciudad supuso una nueva marginación del gallego con respecto al castellano. Ya a mediados de este siglo surge el conflicto lingüístico gallego que había vivido encubierto: surgen los primeros movimientos galleguistas reivindicativos: «*Arredor do ano 1840 iníciiaa súa actividade na vida pública de Galicia unha xeración, a dos provincialistas*» (p. 376) que sirvieron a antesala de fenómenos culturales como el *Rexurdimento*, movimiento que reivindicaba el cultivo del gallego como lengua escrita a través de poetas como Alberto Camino, Vicente Turnes, Francisco Añón, Marcial Valladares... y, sobre todo, Juan Manuel Pintos con *A gaita gallega*. Poetas, literatos y estudiosos que combatían no sólo con una ortografía que aún no estaba asentada, sino también con la depuración de un léxico altamente contaminado por la interrelación del castellano y el portugués. «*Ó cabo, no último cuarto do século acabou por abrirse paso a idea de que ningún de todos estes problemas tería acaída solución se non se miraba por fundar unha institución de recoñecido prestixio e autoridade que, encargada de elaborar unha gramática e un dicionario galegos, puidese establecer esa variedade culta e unificada do idioma*» (p. 395).

Surgen las primeras gramáticas y diccionarios gallegos de la mano de autores como Mirás, Cuveiro Piñol, Marcial Valladares... y las letras gallegas renacen de la mano de Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Eduardo Pondal...

En el primer tercio del siglo XX, tras la constitución de la Real Academia Galega (1906), crece esta conciencia reivindicativa, surgen «*As Irmandades da Fala*»: «*unha organización cidadá que explicitamente se propoñía defende-la lingua gallega e promove-lo seu uso oral e escrito*» (p. 404) y movimientos como a «*Xeración Nós*» con personajes de la talla de Castelao, V. Risco, R. Otero Pedrayo... a los que debemos importantes estudios sobre la cultura y el idioma de Galicia.

Tras una exposición sobre la resistencia del gallego al Franquismo y la situación idiomático-cultural del gallego en la emigración y en el exilio, se nos ofrece una relación del estado idiomático hasta 1965, fecha en que Galaxia lanza diversos estudios y obras sobre la lengua gallega. En este punto desarrolla el problema del conflicto normativo y de la planificación del idioma dirigiendo a la elaboración de un estándar gallego. En el último apartado recoge los estudios lingüísticos realizados a partir de 1965, destacando la labor de los centros universitarios (Universidad de Santiago de Compostela) y fundaciones que aportan diferentes estudios para conseguir un mayor conocimiento de la lengua gallega: El Seminario de Sociolingüística de la Real Academia Galega, la revista *Verba*...

Historia da Lingua Galega aborda esencialmente: la reivindicación de un idioma, el gallego, la formación de un estándar y la interrelación existente con el castellano y el portugués. Como señala el propio autor «*A Historia da lingua é un mar inmenso; as balizas poñémollas nós para orientarnos nesa inmensidade, pero é evidente que a auga nada sabe de fronteiras abruptas, pois discorre por entre as boias que lle colocamos de maneira continua, incesante*» (p.16). Además es la primera obra que recoge un estudio global de la lengua gallega, hasta el momento inexistente, de obligada consulta para todo aquel que desee tener un panorama general de la evolución lingüística y cultural del gallego a lo largo de la historia.

Como broche final, se incluye una importante bibliografía que recoge los estudios de insignes filólogos que el autor analiza, como Acuña, Aldrete, Alonso. A., Baldinguer, Barreiro Fernández, Bieler, Castelao, Cintra, Cunha, Ferreiro, Hubschimid, Piel... entre otros muchos, y sus trabajos orientados hacia un mayor conocimiento y ampliación de la lengua gallega.

Poco más queda por decir de esta magnífica obra que recoge la historia de una lengua y una cultura que Mariño pone al alcance de los que deseen conocer mejor su propia lengua, o una de las múltiples lenguas del panorama peninsular.

M.^o REYES GARCÍA-MORA VERA

CALVO SALGADO, Luis M: *Milagres e mendigas polo camiño de Santiago*, Vigo, Galaxia, 1999. 385 pp.

O autor de *Milagres e mendigas polo camiño de Santiago* ofrécenos co seu resumo das partes máis relevantes da súa tese de Doutoramento¹, unha visión das peregrinacións dos anos cincuenta do século XVI pouco difundida ata agora. Na obra o autor aporta datos (nalgúns casos moi xerais, precisamente, polo carácter de resumo da súa obra) de tipo social e económico que axudan a entender por qué determinados puntos de peregrinación adquirirían máis fama ca outros en determinados momentos da historia das peregrinacións. A intención do autor de analizar cales foron os problemas e as consecuencias que trouxeron os cambios socio-históricos de XVI, toma como punto de partida todos aqueles testemuños que considera relevantes: experiencias e ideas relixiosas, a concepción que determinada persoa ten dos símbolos culturais da súa época, e máis claramente, ten en conta os testemuños escritos que

¹ Título orixinal: *Die Wunder der Bettlerinnen. Krankheits- und Heilungsgeschichten in Burgos und Santo Domingo de la Calzada (1154-1559)*.

deixaron os procesos ós que foron sometidos os sandados polo Santo Sepulcro de Santo Domingo de la Calzada. Por outro lado, tamén toma en consideración os milagres que se encontraban recollidos en manuscritos ou libros da época, claro testemuño do tipo de discurso predominante na literatura dos cinco anos nos que se centra o estudio; anos que, por outro lado, coinciden coas datas claves da expansión da Reforma Protestante.

O libro estrutúrase en dúas partes. A primeira delas dedícaa ao estudio do libro de milagres aparecido en Burgos no ano 1550, titulado: *Historia de cómo fue hallada la imagen del santo crucifijo que está en el monasterio de santo Agustín de Burgos con algunos de sus milagros. Dirigida al muy alto y muy poderoso príncipe de España don Felipe*. A segunda parte céntrase na análise dalgúns procesos feitos por un tribunal eclesiástico non inquisitorial a unha serie de mulleres nos anos 1156 y 1559; cobran especial relevancia os casos de Catalina de Foncea, Casilda del Río y María de Aperrigui, mulleres mendigas e que, ademais, foron curadas polo santo crucifijo de Santo Domingo de la Calzada.

Salgado afirma que a intención coa que o autor escribiu o libro da *Historia* era a de difundiren a fe cristiá nunha época de grandes conflitos relixiosos en Europa e a de asegurar a peregrinación aos mosteiros do Camiño de Santiago, en crise naquela época.

Nos libros de milagres, lidos xeralmente nas igrexas en voz alta co que a súa difusión multitudinaria se aseguraba, quedaba rexistrado o xuízo ao que se sometía ós chamados «miraculosos». A finalidade do proceso era a de determinar a veracidade ou falsidade dos milagres. Salgado, dubida, sen embargo, de que estes procesos se realizasen con todo o rigor que esixe calquera tipo de investigación, pois interesaba máis a difusión da fama do mosteiro e do santo correspondente, cá exhaustividade ao interrogaren aos protagonistas e ás testemuñas do milagre, sobre todo, se temos en conta que a falsidade ou a veracidade dos feitos se baseaba, xeralmente, en que os relatos que aparecían nos libros de milagres transmitisen valores morais aceptables ou non, é dicir, se transmitían valores morais aceptables, os milagres eran verdadeiros; e se transmitían valores morais non aceptados pola comunidade relixiosa cristiá, eran falsos milagres. Os milagres aceptábanse para non favorecer ao Erasmismo, postura non tolerada pola Igrexa Católica a mediados do século XVI (p. 74).

A existencia real do Santo, nacido na vila de Burgo de Santo Domingo (A Rioxa), e a inclusión de dita vila como un dos puntos importantes de peregrinación no Camiño de Santiago, favoreceu, sen dúbida, que este fose moi coñecido ata ao final de Idade Media. Son moitas as obras que fan referencia á vida do santo, cada unha delas con sinais de identidade ou con expresións propias de cada unha das zonas nas que os libros de milagres se escribiron, sinais que ligan dunha maneira excepcional ao santo coa rexión e co seu mosteiro ou igrexa.

Entre os libros de milagres de Santo Domingo de la Calzada destaca, por exemplo, a primeira haxiografía do santo feita por Luis de la Vega, que serviu, probablemente, de base para outros libros de milagres posteriores.

Un dos milagres que Salgado destaca como importantes é o milagre do galo e da galiña ou o milagre do forcado² do que se coñecen versións dende principios da Idade Media. Mesmo difundido en novelas, dramas, cancións, iconografía dos milagres,... incluso, Salgado sinala que no *Liber Sancti Jacobi* (1140-1150)³ se encontra a primeira versión do devandito milagre (p. 102). Menciona, asemade, a súa difusión polos mosteiros e igrexas europeos e en obras como o *Dialogus miraculorum* de Cesarius de Heisterbach (c. 1180 a 1240) ou no *Speculum historiale* de Vicente de Beauvais (morto no ano 1264) ou na recopilación catalana de *Recull de exemplis e miracles, gestes e faule e altres legendes ordenades per A-B-C*, así como en obras posteriores como a obra de Clemente Sánchez de Vercial: *El libro de los ejemplos por a.b.c.* (redactado entre os anos 1400 e 1420).

Na segunda parte de *Milagres e mendigas* as verdadeiras protagonistas da obra son as mulleres, grupo social que só se consideraba relevante dentro da unidade familiar. Preséntanos ás tres mulleres xa mencionadas como mulleres mendicantes e enfermas, que se vén obrigadas a peregrinar para conseguir a súa curación e así poder sustentarse de seu e deixar de mendigar. Nos tres procesos obsérvase unha maneira similar de actuar por parte dos xuíces eclesiásticos, a súa actuación era distinta á doutros procesos do XVI, á dos inquisitoriais, por exemplo (p. 140). Nestes procesos os xuíces só pretendían determinar a veracidade dos feitos relatados polas curadas, para poder, así, dar fe delas e fomentar as peregrinacións polos distintos hospitais do Camiño de Santiago (pp. 16 e 26). Nos casos de Catalina de Foncea, de Casilda del Río e de María de Apeguirri, había un claro interese pola parte do administrador do hospital do santo (Bernardino de Sesma) de que se crese tanto ás sandadas, como ás testemuñas que as acompañaban. Os defensores das protagonistas destacaban sempre a súa devoción pola fe cristiá, en xeral, e, en particular, por Santo Domingo de la Calzada. Cada unha delas era «*unha mendiga devota exemplar*» (p.122). Destacábase o seu valor moral, a súa constancia, a súa capacidade de sufrimento e resistencia ante a adversidade, elementos todos eles relevantes dende o punto de vista moral, o

² Un home é acusado inxustamente por un veciño de roubarlle unha galiña/galo polo que o axustizan e é condenado á forza. Gracias á intervención do Santo o home aforcado inxustamente recobra a vida, dando exemplo de que non se debe acusar inxustamente, pois poden morrer inocentes.

³ Máis concretamente no *Codex Calixtinus*, o manuscrito máis antigo e o máis importante do *Liber Sancti Jacobi*.

que, segundo o autor, daba máis credibilidade ao relato da curación (pp. 74-75).

Nestes procesos non inquisitoriais establecíanse de antemán unha serie de pasos que sempre se debían cumprir: o modo de interrogar, os espazos, as testemuñas... organizábanse segundo o estatus social e o sexo dos participantes.

Durante o interrogatorio, as protagonistas falaban da súa condición de mendigas, do seu desexo de sandar cedo para sustentarse sen pedir esmola, da súa longa peregrinaxe por médicos, cirurxiáns, barbeiros, menciñeiros varios e da súa chegada ao santo sepulcro do Santo Domingo, quen verdadeiramente as curaba despois de rezarlle durante un tempo ao santo. As enfermidades das mendigas eran, polo xeral, incurables por medios humanos, co que só sería posible a súa curación coa intervención dun santo. O feito de que os medios humanos só puidesen aliviar lixeiramente as doenzas das enfermas e a rapidez da curación tralo rezo ao santo, facían que a fama do hospital se difundise e que as peregrinacións aumentasen. No caso de Catalina, Santo Domingo «*debía se-lo médico ideal, un sanador tal e como ela desexaba*» (p. 200). Salgado destaca que as dificultades financeiras polas que atravesaba o hospital agradecían, sen dúbida, a nova fama recobrada (pp. 208-212).

Dos tres casos de curación de mendigas, o noso estudioso considera que só presenta elementos novos o milagre da visión colectiva de María de Apeguirri, da súa filla e da súa veciña, que describiron ao santo dun xeito completamente distinto de como o representaban na iconografía de milagres, pois «*non se lles apareceu como monxe nin como eremita, senón como peregrino de Santiago*» (p. 309). Para Salgado a explicación do feito era sinxela: por un lado, porque Santo Domingo era quen cuidaba dos peregrinos do Camiño e, por outro, porque as visionarias, probablemente, confundiron a representación do santo coa dos peregrinos das representacións pictóricas da Catedral⁴. Os eclesiásticos de Santo Domingo aceptaron a descrición feita polas visionarias porque dese xeito axudaban a crear unha imaxe nova e distinta do peregrino de Santiago, que nos últimos anos do século XVI adquirira mala fama pola existencia do chamado «falso peregrino», enganador da xente. No seu relato, María de Apeguirri, introduce certos xeitos de contar que achegan o seu relato aos relatos de viaxeiros e peregrinos da Idade Media, clara alusión á Eucaristía e á multiplicación do pan.

Nestes casos de curación, de peregrinacións, *Milagres e mendigas* mostra, como sinalaba o autor ao comezo, a evolución cultural e a relixiosidade popular da Europa de mediados do XVI, na que as peregrinacións esta-

ban en decadencia e na que a Reforma Protestante se estendía por terreos, tradicionalmente, de relixión Católica.

Como conclusión, podemos afirmar que este estudo abre novos camiños á investigación das peregrinacións medievais e que aporta unha información valiosa, aínda hoxe pouco difundida. Unha obra na que a parte primeira nos ofrece unha serie de datos socio-históricos de relevancia para o lector que se inicia neste tema que fan amena a lectura. Estes datos aplícanse dun xeito xeral á unha segunda parte na que a especificidade no estudio de tres casos relevantes fai que o relato nalgúns partes perda certo interese, algo sen dúbida, que non desmerece a importancia e a novidade do ensaio de Calvo Salgado.

SUSANA GONZÁLEZ

VILAVEDRA, Dolores, *Historia da literatura galega*. Vigo. Editorial Galaxia. 1999, 370 pp.

Historia da literatura galega forma parte de un proxecto editorial destinado a lograr a renovación de los materiais de consulta sobre la literatura gallega. Dirigida a un amplo público, incluye referencias fundamentales para el iniciado y datos útiles para el estudioso especializado. La obra reconoce su deuda con otras historias de la literatura anteriores como la de Ricardo Carballo Calero, Francisco Fernández del Riego o Anxo Tarrío Varela. Estas obras constituyen sin duda, la fuente utilizada en el diseño de algunos capítulos. Sin embargo, se trata de una obra que pretende aportar una revisión de los criterios anteriores ya instaurados y una renovación de la información ya aceptada. Así pues, hallaremos en ella nuevas propuestas críticas y una referencia a las últimas tendencias literarias que intentan enmarcarse casi siempre dentro de una hipótesis interpretativa.

El estudio realizado se centra en una aproximación diacrónica con el fin de evitar la atemporalidad a la que otras metodologías someten a la literatura. Así también, intenta integrar todos los factores que actúan e influyen en el fenómeno literario actual. Lector, producto o mercado son elementos que se incorporan al estudio de una nueva literatura que nace a la luz de otro tipo de economía. Las relaciones de la literatura gallega con otras manifestaciones foráneas son también un punto fundamental en esta obra que pretende huir, en lo posible, del análisis aislado de la materia que aborda.

El primero de los siete capítulos en los que se divide, está dedicado a la literatura medieval (pp. 39-80). En él encontramos la clasificación genérica tradicional aunque no ocurre así con la cronológica. La división clásica en cuatro periodos dentro de la poesía profana (pre-alfonsí,

⁴ Salgado sinala que eran as realizadas por Andrés de Melgar e Alonso Gallego nos anos trinta do século XVI.